

BREVE HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

Mercedes Queixas Zas

Unha iniciativa de



co apoio de



Como ten acontecido con outras culturas, a literatura galega non conserva textos escritos que testemuñen as nosas orixes máis remotas, por iso aínda que o noso pobo, Galiza, asentado no extremo máis occidental de Europa, xunto co seu novo idioma románico, o galego, xa se considerará como tal arredor dos séculos IX-X, os primeiros documentos escritos que hoxe coñecemos están datados a finais do século XII e testemuñan o que foi unha primeira época literaria moi fértil, tanto pola produción cuantitativa dos textos como pola súa altísima calidade.

Nesta altura, a corte real focaliza a vida social, política e cultural do Reino de Galiza, Santiago de Compostela convértese no centro neurálxico debido ao continuo fluír de peregrinacións europeas, a vida relaxada de palacio anima o desenvolvemento de actos lúdico-festivos en que se fomenta a actividade poética, ao tempo que gaña prestixio social o grupo dos trovadores e a música goza de gran relevancia.

Para alén de todo isto, a propia necesidade de pór sobre o papel aquilo que se facía, pensaba e dicía na época, estimula o nacemento da nosa primeira literatura culta, a literatura galega medieval, que no seu longo camiño de máis de 300 anos, adoita dividirse en dúas etapas: o período trovadoresco (1200-1350) e o postrovadoresco (1350-1500).

A hexemonía política do Reino de Galiza alén das nosas fronteiras confirma que a lírica galego-portuguesa medieval sexa o punto de referencia cultural para onde botaron a ollada os creadores de toda a Península, agás Cataluña, seguidora de modelos poéticos occitanos.

O corpus lírico representativo deste período soborda as 1.600 cantigas profanas e máis de 400 relixiosas, elaboradas por unha nómina de aproximadamente 150 trovadores. Estas cantigas, segundo a súa temática, estrutura e estilística, adscribíense a tres grandes corpus xenéricos: amigo, amor e escarnio e maldicir. Outros xéneros denominados menores serían lais, albas, pastorelas, descordos, tenzóns, etc.

Na actualidade conservamos estes textos poéticos en tres grandes cancioneiros profanos elaborados por diferentes escribáns: o Cancioneiro da Biblioteca Nacional, o Cancioneiro da Ajuda e o Cancioneiro da Vaticana. O corpus relixioso, recollido nas *Cantigas de Santa María*, é de responsabilidade de Afonso X O Sabio, quer como autor de cantigas quer como coordinador doutros trovadores que traballarían para este fin no seu *scriptorium*. Entre outras fontes manuscritas, tamén podemos ler no *Pergamiño Vindel* as cantigas de Martín Códax acompañadas da notación musical coa que eran interpretadas.

A partir da segunda metade do século XIV iníciase o período postrobadoresco, caracterizado historicamente por ser tempo de fames, pestes, guerras e outras miserias que acaban por conducir ao declive do noso reino.

Dous conflitos bélicos cos reis de Castela rematan coa vitoria destes e inician un novo período marcado pola “*doma y castración del Reino de Galicia*”, que repercute no noso progresivo afastamento de Portugal e o paulatino achegamento forzoso, propio de todo proceso colonizador, á corte de Castela, selado definitivamente no reinado dos Reis Católicos. Estes monarcas inauguran unha etapa de represión dos nosos costumes e tradicións, mais tamén da propia lingua galega, que ficará reducida a lingua oral, perdendo os rexistros formais e cultos e desaparecendo practicamente da escrita, e consecuentemente da nosa literatura, suplantadas ambas por outras foráneas e alleas á nosa realidade.

Con todo, pódese dicir que até mediados do século XV se prolongou a nosa lírica medieval, ao tempo que comezou a xurdir un novo xénero: a prosa.

Obrigados, pois, a non podermos ser nós mesmos, entramos na Idade Moderna que, debido á cronoloxía tan ampla que abrangue, adoita ser dividida en dous períodos: os Séculos Escuros (XVI-XVII) e a Ilustración (XVIII).

Durante a primeira etapa non se pode falar da existencia plena da literatura galega; no entanto, malia a escaseza de textos, aínda conservamos algunhas mostras de poesía tradicional con carácter anónimo -*Pranto da Frouseira* ou *Saqueo de Cangas polos turcos*-, poesía académica renacentista e barroca -*Soneto de Monterrei*, *Décimas ao Apóstolo Santiago*-, poesía relixiosa, teatro -*Entremés dos labradores de Caldelas*- e prosa -documentos notariais en que se demostra a fidelidade á lingua do país dalgúns nobres galegos.

Unha vez que nos internamos no século XVIII a situación inicia unha pequena muda, pois, ao abeiro do predominio da razón, van xurdindo unha serie de personalidades como o Padre Feixoo ou o Padre Sarmiento que se pronunciarán na necesidade de emendar os erros cometidos na etapa precedente. A defensa da lingua galega como idioma de seu e non como unha deformación corrupta do español, a súa identificación como lingua de cultura capacitada para desenvolver todos os rexistros orais e escritos, convértense en teses que rebaten os falsos tópicos vertidos a respecto do idioma galego.

Paralelamente, o Padre Sobreira, xunto con Sarmiento, salienta a importante produción lírica popular que xa se xeraba no século XVIII e que

continuaría ao longo do XIX. Esta lírica popular nace pola imposibilidade de continuarmos coa nosa historia literaria culta e convértese na *parente pobre* da verdadeira literatura. Así e todo, nesta nova forma de expresión popular está contida toda a sabedoría do pobo transmitida oralmente -verbalizada ou musicada- ao longo de moitas xeracións, desde o anonimato, con funcións diversas: divertir, ensinar, establecer lazos de unión entre os membros do grupo, ridiculizar defectos alleos e acontecementos locais, axudar a tolerar o traballo, mocear...

Canda ás coplas do Entroido, de Reis, maios e regueifas, achamos novamente, estreando o século XIX, novos textos escritos; así, en 1808 publícase un romance titulado *Un labrador que foi sarxento aos soldados do novo alistamento*, posto en boca dun labrego que chama os mozos a loitaren contra os invasores franceses. Pola súa parte, Xoán Fernández Neira escribirá en 1810 *Proezas de Galicia*, onde enxalza as fazañas dos galegos na guerra.

Simultaneamente, un novo xénero, os *Diálogos*, con carácter reivindicativo e de corte liberal, terán unha gran difusión na primeira metade desta centuria, converténdose en mostras de grande interese histórico e lingüístico.

Mais será a partir de 1850 cando se inicie unha nova poética galega cunha clara vontade de estilo e intención artística, como se ve nas dúas pezas de Nicomedes Pastor Díaz, *Alborada* e *Égloga*. *Belmiro e Benigno*, autor ao que seguirán outros que van actuar como os precursores dun novo esplendor literario que se avexiña.

Francisco Añón, gañador do certame literario celebrado na Coruña en 1861 coñecido como Xogos Florais, coa súa composición poética *A Galicia*; Xoán Manuel Pintos, autor do primeiro libro en galego do XIX titulado *A Gaita Gallega* (1853); Bieito Fandiño, creador de *A Casamenteira*, unha das primeiras pezas dramáticas das que conservamos o manuscrito escrito en 1812, constitúen, xunto con outros escritores, o xermolo dun novo proceso cultural que dará como resultado unha auténtica revolución literaria hoxe coñecida como Renacemento ou Rexurdimento.

Neste momento histórico medra o interese polo noso idioma, do punto de vista creativo mais tamén investigador; é por iso que nesta altura se datan as primeiras gramáticas que investigan o galego, así como varios dicionarios.

O nome propio ao redor do cal xira esta etapa restauradora é o de Rosalía de Castro, unha das voces máis reivindicativas e comprometidas coa realidade da Galiza decimonónica. *Cantares Gallegos* (1863) convértese no primeiro poemario monolingüe, e nel recóllense múltiples

referencias críticas ao pasado e ao presente de Galiza, ficando patente a crítica realista polo que lles está a acontecer aos seus compatriotas: emigración forzosa, inxustizas dos caciques para cos máis desfavorecidos, a discriminación da muller... *Follas Novas* (1880), o seu segundo poemario en galego, complementario do anterior, ofrécenos, a partir dunha estrutura pechada e organizada en cinco partes, trinta e catro composicións que abranguen desde a poesía intimista, metafísica e solitaria até a poesía social, colectiva e solidaria.

Curros Enríquez é a segunda figura representativa do rexurdimento das letras galegas. O autor do poemario *Aires da miña terra* (1880), moi popular polo emprego dunha lingua directa que chegaba ao pobo, acreditaba na función social da poesía, de aí que os seus poemas sexan unha aposta polo futuro, polo progreso, que simbolizan a superación do atraso secular e a liberdade, así como fortemente anticlericais (*Divino Sainete*).

A terceira figura senlleira desta época é a representación dun home culto e intelectual por excelencia, que eleva o idioma galego ao seu cénit poético. Autor do himno nacional, asume o papel de bardo transmisor da memoria do pobo, un retrato físico e moral descrito nos poemas de *Queixumes dos pinos* (1880) en convivencia cos trazos característicos do celtismo, ossianismo e helenismo.

Alén da poesía, tamén a prosa vivirá o seu renacer grazas á pluma de Rosalía de Castro -os dous prólogos aos poemarios citados-, así como a que podemos catalogar como a primeira novela na historia da literatura galega contemporánea, *Maxina ou a filla espúrea*, da autoría de Marcial Valladares ou as novelas de Antonio López Ferreiro. Mais, con todo, será o *Catecismo do labrego*, de Valentín Lamas Carvajal, o libro en prosa máis exitoso de todo o XIX ao se venderen dúas edicións nun mes e trece en vida do autor.

O mesmo podemos comprobar canto ao xénero dramático, pois xorde unha clara vontade de crear unha dramaturxia galega propia da man de autores como Francisco María de la Iglesia, Galo Salinas e Cuveiro Piñol.

Finalmente, cómpre destacar que o momento esplendoroso que vive a prensa galega en galego corre paralelo á personalidade do tamén poeta e narrador xa mencionado, Valentín Lamas Carvajal, quen dirixe o popular xornal monolingüe *O Tío Marcos da Portela* entre 1876 e 1889.

A medida que imos entrando no século XX, inaugurada xa en 1906 a Real Academia Galega, o noso modelo literario continúa a se consolidar, enriquecéndose con novas perspectivas modernas da pluma de Manuel Leiras Pulpeiro, Noriega Varela e Ramón Cabanillas, tres autores que

amosan a conxunción dos valores propios tradicionais coas influencias de corte modernista e saudosista de autores estranxeiros como Rubén Darío ou Teixeira de Pascoães.

As tres décadas que abren o século XX acubillan tres grandes movementos culturais que, partindo dun pensamento de base nacionalista, traballan a prol da renovación dos xéneros xa existentes e amplían o seu campo de traballo a outros menos desenvolto, como a novela e o ensaio. Vicente Risco, Antonio Villar Ponte, Cuevillas, Castelao, Otero Pedrayo, Manuel Antonio, Amado Carballo, Álvaro Cunqueiro, entre outros, adscribíense ás diferentes correntes de renovación que se foron sucedendo neste primeiro terzo de século: Irmandades da Fala, Grupo Nós e Xeración poética dos 25, e que, conxuntamente, deron lugar ao terceiro momento de esplendor das letras galegas tras o apoxeo medieval e a recuperación decimonónica.

Será neste primeiro terzo do século XX cando o teatro galego experimente un salto cualitativo e cuantitativo importante, cando a poesía e a prosa se ispan do enxebrismo folclorizante para se achegaren aos novos enfoques e técnicas en voga na cultura europea occidental, cando o labor investigador e científico se desenvolva sen complexos na lingua do país.

No entanto, a historia non sempre é doada, nin moito menos lineal, e o levantamento militar de 1936, xunto á posterior instauración do réxime ditatorial do xeneral Franco e á anulación do sistema de liberdades, o noso evolucionar volverá de novo sufrir atrancos e censuras. As consecuencias non se farán agardar: a represión, a emigración -Neira Vilas-, a morte de moitos dos intelectuais e escritores galegos -Alexandre Bóveda, Ánxel Casal, Castelao-, o exilio -Rafael Dieste, Luís Seoane, Blanco Amor, Lorenzo Varela-, e o obrigado silencio interior -Otero Pedrayo, Carvalho Calero.

Será no exilio en Arxentina, Cuba e México onde os nosos escritores continúen a reforzar o seu papel de loitadores en defensa dos valores da nosa identidade como galegos, ao tempo que as súas obras en lingua galega continuarán alén mar o seu camiño.

Haberá que agardar a 1947 para ver publicado un novo libro en lingua galega: *Cómaros verdes*, o poemario paisaxístico de Aquilino Iglesia Alvariño que inaugurará a nova liña poética ruralista. Mais na poética de posguerra obsérvanse outras direccións, herdadas da preguerra, como o imaxinismo e o neotrobadorismo, á par doutras novas como o socialrealismo -Celso Emilio Ferreiro-, intimismo radical -Luís Pimentel e María Mariño-, a preocupación existencial da Escola da Tebra -Cuña

Novás, Manuel María- e o clasicismo culturalista -Carvalho Calero, Pura Vázquez ou Luz Pozo Garza.

Xoana Torres, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña, M^a do Carme Kruckenberg, Salvador García-Bodaño, Avilés de Taramancos, Méndez Ferrín, Manuel Álvarez Torneiro, Arcadio López Casanova e M^a Xosé Queizán complementan, entre outros, este novo acervo creador poético enriquecido con novas perspectivas e linguaxes, un marco de renovación igualmente extensíbel á narrativa grazas ao labor da chamada Nova Narrativa Galega a partir dos 50, imprimindo á literatura das próximas décadas un carácter fortemente culturalista e influenciados por autores como Kafka, Joyce e Faulkner. A vontade de normalización do galego na escrita, xunto ao afán experimental, rupturista, de transformación temática e distorsión formal predominan nas primeiras obras de Camilo Gonsar, Rodríguez Mourullo ou Méndez Ferrín.

1976 é unha data histórica en que a situación política vai mudar considerabelmente logo de corenta anos de esmagadora ditadura militar: morto o ditador, celébranse eleccións democráticas. A aprobación da Constitución española e do Estatuto de Autonomía recoñecen legalmente por primeira vez na historia que a lingua galega é a lingua propia de Galiza.

Consecuentemente, neste contexto, e ao longo das décadas seguintes que pechan o ciclo irregular do século XX e as que agora están a abrir o XXI, a literatura galega non deixa de evolucionar e experimentar novas tendencias, incorporar novas temáticas e inspiracións, elaborar outras linguaxes e, en definitiva, amosar unha grande inquietude creativa. Unha realidade comprobábel na incorporación de novos escritores e, sobre todo, escritoras, no elevado índice anual de publicacións, na fundación de novos espazos editoriais, na proliferación de novos grupos poéticos -Rompenite, Alén, Cravo Fondo, Batallón Literario da Costa da Morte-, na edición de revistas literarias, na convocatoria de innumerábeis premios, na tradución de creacións galegas a outras linguas peninsulares e europeas, así como na consecución de importantes premios literarios de ámbito estatal: Manuel Rivas, Manuel Lourenzo, Xabier P. Docampo, Fina Casalderrey, Alfredo Conde, Pilar Pallarés, Xurxo Borrazás, etc., sen esquecermos a aceptación por parte da Academia Sueca da candidatura a Premio Nóbel de Xosé Luís Méndez Ferrín e Luz Pozo Garza propostas pola Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Representativa desta etapa será tamén a conformación dun novo corpus narrativo dirixido aos máis novos, que até entón foran desatendidos: a literatura infanto-xuvenil.

Fica patente nesta breve síntese que as letras galegas souberon adaptarse ás realidades históricas e sociais de cada momento, mesmo superándoas cando estas eran adversas e avanzando nas formas expresivas e na súa dimensión social. Demóstrase deste xeito que a literatura galega, ao igual que a nosa identidade, segue a estar VIVA.